

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 24 de novembro de 2005**

Orde do Día da SESIÓN PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro xoves, 24 de novembro de 2005, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional**

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 11/05, celebrada o día 27 de outubro de 2005.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.303 á 20.507.
- 3.- Dar conta da Resolución da Presidencia pola que se nomea ao Sr. Alejandro Rodríguez Lema membro da Xunta de Goberno.
- 4.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario de decembro.
- 5.- Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes en organismos varios.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 6.- Resolución das alegacións presentadas ao acordo de aprobación da 2ª fase do POL adicional 2/2005 por aplicación do fondo de reserva de eficacia.
- 7.- Aprobación da segunda fase do POS adicional 2/2005 por aplicación das baixas de licitación do Plan base.
- 8.- Aprobación do proxecto reformado da obra “E.P. 7804 Agro do Mestre-Santiago, k: 18-18,7” do Concello de Santiago de Compostela incluída na RVL 2004. Código 04.2400.0511.0.
- 9.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento en Chao da Viña pl.” do Concello de Irixoa incluída no POL Adicional 1/2004 e POL 2005. Código 04.2301.0146.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 10.- Aprobación da segunda relación de investimentos do Concello de Cerceda, dentro do II Convenio de cooperación suscrito entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda para realizar obras de infraestrutura.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

- 11.- Proposta de aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación para a subvención da peaxe da Barcala, da autoestrada AP-9 durante o ano 2006, así como da proposta do presidente da Comisión.
- 12.- Aprobación provisional da 4ª relación da 3ª fase do Plan de travesías 2005, integrada polo proxecto Travesía na E.P. 0905 de Betanzos ao límite da provincia de Lugo p.k. 6,11 ao 7,56 –Paderne-, e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras incluídas nel.

13.- Aprobación provisional da 2ª relación da 4ª fase do Plan de travesías de 2005 e integrada polos proxectos Travesía na E.P. 1704 Cambre a Carral plataforma peonil p.k. 2,9 ao 3,96 (Cambre) e a Travesía na E.P. 1706 O Temple a Cambre plataforma peonil p.k. 2,24 ao 2,65 (Cambre).

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

14.- Proposta de sinatura dun convenio coa Asociación ALCER para elaborar material dunha unidade didáctica sobre información e difusión da doazón de órganos.

Deporte, Xuventude e Medio Ambiente

15.- Modificación de relación de concellos beneficiarios das axudas no mantemento dos Grupos Locais de Intervención Rápida.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 24 DE NOVEMBRO DE 2005

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 24 de novembro de 2005, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Campo Fernández

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de pasar aos asuntos da orde do día, o secretario vai proceder á lectura dunha declaración institucional acordada por todos os grupos políticos.

Sr. Secretario

A violencia contra as mulleres nas súas múltiples formas é unha lacra social que ten a súa orixe nun sistema que non acepta a igualdade nin a insubmisión das mulleres. Un sistema no que, como consecuencia dunhas relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas, as mulleres son discriminadas, marxinas e mesmo asasinadas.

A violencia contra as mulleres vai máis aló dunha violencia exercida a título persoal contra as mulleres vítimas; non se pode explicar polas relacións persoais ou afectivas, senón pola situación estrutural de desigualdade das mulleres na sociedade. Non é por tanto un feito que deba ficar na esfera do privado senón un grave problema social, e como tal compételle a toda a sociedade. É unha realidade que afecta a todas as clases sociais.

“Violencia contra as mulleres” significa calquera acto sexista que teña ou poida ter como consecuencia dano físico, sexual, psicolóxico ou sufrimento para as mulleres; e que inclúe o uso da forza, a chantaxe, as presións e as ameazas como mecanismos para obrígalas a seguir desempeñando roles sociais determinados, que seguen a perpetuar a submisión, a invisibilidade e a discriminación das mulleres polo simple feito de seren mulleres.

Desde a Deputación provincial estase a loitar, desde hai tempo, pola igualdade. A creación dunha área específica e a adopción de medidas concretas para favorecer esa

igualdade son as principais expresións do compromiso adquirido para combater activamente a violencia de xénero, compromiso no que agora se conta ademais cun importante instrumento, a Lei integral contra a violencia de xénero aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos.

É un enorme avance, pero a realidade esixe que sigamos conmemorando a data do 25 de novembro, e removendo as consciencias de toda a cidadanía, mentres non consigamos erradicar esta terrible lacra social.

Sr. Presidente

En relación con esta declaración institucional infórmolles, seguro que xa o saben, de que mañá ás once e cuarto haberá unha concentración de funcionarios e políticos á que todos estamos convidados.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/05, CELEBRADA O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2005.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/05, celebrada o 27 de outubro de 2005.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 19.303 Á 20.507.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.303 á 20.507.

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA AO SR. ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.

Dáse conta ao Pleno da Resolución da Presidencia nº 20.017, do 27 de outubro de 2005, pola que se nomea ao Sr. Alejandro Rodríguez Lema membro da Xunta de Goberno.

4.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE DECEMBRO.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día, e tamén por unanimidade apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2005 celebrarase o día 22 de decembro, xoves, a partir das doce horas.”

5.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ORGANISMOS VARIOS.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día, e tamén por unanimidade apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Nomear representantes da Corporación aos deputados que se indican nos organismos que deseguido se relacionan:

COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA

Sr. D. Alejandro Rodríguez Lema

CONSELLOS COMARCAIS E PADROADOS DE GOBERNO DAS FUNDACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMARCAS DE:

BERGANTIÑOS.-Alejandro Rodríguez Lema

SONEIRA.- Sra. D^a. María del Pilar Souto Iglesias.”

6.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ACORDO DE APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POL ADICIONAL 2/2005 POR APLICACIÓN DO FONDO DE RESERVA DE EFICACIA.

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Bos días a todos, simplemente para dicir que o resto dos puntos, o grupo popular desta Deputación vai votar a favor de todos eles.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o escrito de alegacións presentado pola empresa Piscifactoría Berxa S.A.T., en relación coa aprobación da segunda fase do POL adicional 2/2005, por aplicación do fondo de reserva de eficacia, aprobado polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 27 de outubro de 2005, e cuxo anuncio de exposición pública foi publicado no BOP nº 250 do 2 de novembro de 2005, no que se inclúe a obra do Concello de Mesía “Captación e acondicionamento ETAP en Mesía”, código 05.2302.0204.0, cun orzamento de contrata de 115.451,01€.

Tendo en conta que as alegacións presentadas se fundamentan en que a citada empresa é titular dunha concesión de 520 litros/segundo, outorgada mediante

resolución do 24 de xaneiro de 1991 da Consellaría de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e que o citado proxecto do Concello de Mesía que inclúe unha captación de augas no río Samo, podería causar un grave prexuízo á empresa pola diminución parcial, ou incluso total, do caudal e polos movementos de terra ou posíbeis vertidos que se orixinarían coa realización das obras na canle do río ou nas súas proximidades.

E tendo en conta o novo informe recibido de Augas de Galicia relativo a esta obra no que se conclúe que, dado que as concesións se entenden outorgadas sen prexuízo de terceiros, estímase que o Concello de Mesía ten dúas opcións.

a) Modificar os puntos de toma da concesión para o que debe solicitar a oportuna autorización perante o organismo Augas de Galicia, ou

b) Solicitar a oportuna expropiación forzosa da parte en que afecta á concesión outorgada a Piscifactoría Berxa S.A.T

1.- ESTIMAR as alegacións presentadas pola empresa Piscifactoría Berxa S.A.T., contra o acordo plenario desta deputación do 27 de outubro de 2005, relativo á aprobación da segunda fase do POL adicional 2/2005 por aplicación do fondo de reserva de eficacia, no que se incluían unha serie de obras que se habían executar en diversos municipios da provincia da Coruña, entre as que figuraba a obra do Concello de Mesía “Captación e acondicionamento ETAP en Mesía” código 05.2302.0204.0, no senso de EXCLUÍR esta obra da segunda fase do POL adicional 2/2005, xa que Augas de Galicia emitiu un informe no que se conclúe a necesidade de, ou ben modificar os puntos de toma da concesión para o que se debe solicitar a oportuna autorización perante Augas de Galicia ou solicitar a oportuna expropiación forzosa da parte en que afecta á concesión outorgada a Piscifactoría Berxa S.A.T.

En consecuencia, considerar definitivamente aprobada a segunda fase do POL adicional 2/2005 por aplicación do fondo de reserva de eficacia, excluindo unicamente a obra “Captación e acondicionamento ETAP en Mesía” e continuar coa tramitación do resto das obras.

2.- INCLUÍR novamente esta obra no Plan complementario ao Programa operativo local, xunto coas demais obras que se incluíron con carácter supletorio para seren financiadas cos remanentes que se poidan producir por baixas de licitación ou anulacións de proxecto, coa finalidade de que unha vez estea aclarada a situación desta obra, especialmente no relativo á concesión de caudal outorgada por Augas de Galicia, se poida incluír nunha nova fase ou anualidade do Programa operativo local.”

7.- APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO POS ADICIONAL 2/2005 POR APLICACIÓN DAS BAIXAS DE LICITACIÓN DO PLAN BASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a segunda fase do PLAN ADICIONAL 2/2005 ao de COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE REDE VIARIA LOCAL, apartado POS - asignación -concellos, no que se inclúen as obras municipais que se relacionan deseguido:

CONCELLO	Código	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO			
			DEP. F.P.	DEP./CONC.	CONCELLO.	TOTAL
ARTEIXO	05.2102.0464.0	PAV. CM.-327 E CM-060 SANTAIA.....	67.074,23	3.530,22		70.604,45
ARZÚA	05.2102.0465.0	CAMIÑO PECENŔE A TRAPA	61.304,07	3.226,53		64.530,60
	05.2102.0466.0	CAMIÑO PAZO MUÍÑO DE CALVO	30.974,80	1.630,25		32.605,05
CERDIDO	05.2102.0467.0	IL.PÚBL.VILELA-SEIXIDAL E O.	30.115,95	1.585,05		31.701,00
CULLEREDO	05.2102.0468.0	REF.IL.PÚBL.POLÍGONO SANTA XEMA	49.057,22	2.581,96		51.639,18
CURTIS	05.2102.0469.0	SAN.CURTIS-AVD.JOSE ANTONIO	34.944,17	1.839,17		36.783,34
MUGARDOS	05.2102.0470.0	SANEAMENTO NO VILAR 1-F	10.888,71		21.494,28	32.382,99
PONTEDEUME	05.2102.0471.0	PAV.CM.RIOLONGO, PQ.OMBRE	40.416,10	2.127,16		42.543,26
AS PONTES DE G ^a RODRÍGUEZ	05.2102.0472.0	CM.LOMBEDRADO-RAMAL FAEIRA-....	97.165,57	5.113,98		102.279,55
TOTAL			421.940,82	21.634,32	21.494,28	465.069,42

Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos.

O financiamento deste Plan realizarase con cargo á partida 0501/911A/76240 do vixente orzamento provincial 2005.

2.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.

7.- A contratación das obras incluídas no presente plan realizarana os respectivos concellos de acordo coas instrucións do anexo IV ao acordo plenario do 24 de febreiro de 2005, polo que se presta aprobación ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da Rede viaria local 2005 e o seu Plan complementario.”

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “E.P. 7804 AGRO DO MESTRE-SANTIAGO, K: 18-18,7” DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA INCLUÍDA NA RVL 2004. CÓDIGO 04.2400.0511.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar por un importe total de 564.515,89 € o proxecto reformado da obra “EP 7804 Agro do Mestre - Santiago, K:18 - 18,7” do Concello de Santiago de Compostela incluída no Programa da rede viaria local 2004. Código: 04.2400.0511.0, que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o día 27 de febreiro de 2004.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 90.577,08 € a prezos de contrata, sendo de 78.901,69 € a prezos de adxudicación. O incremento financiarao integramente a deputación (código: 04.2400.0511.1)

Así, os datos do financiamento total da obra queda como segue:

	EP 7804 Agro do Mestre - Santiago, K:18 - 18,7		
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
	04.2400.0511.0		04.2400.0511.1
Deputación f. propios	405.440,87	496.017,95	90.577,08
Estado	68.497,94	68.497,94	0
TOTAL	473.938,81	564.515,89	90.577,08

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO NO CHAO DA VIÑA PL.” DO CONCELLO DE IRIXOA INCLUÍDA NO POL ADICIONAL 1/2004 E POL 2005. CÓDIGO 04.2301.0146.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Saneamento no Chao da Viña, PI", do Concello de Irixoa, incluída con carácter de plurianual no Programa operativo local adicional 1/2004 e 2005 (Código: 04.2301.0146.0) cun orzamento de contrata de 313.104,07€ , que non representa unha variación no seu orzamento total pero representa unha alteración substancial xa que varía o trazado dos colectores ao terse modificada a localización da EDAR na que se integraban".

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
04.2301.0146.0	Irixoa	Saneamento no Chao da Viña, PI	177.655,25
05.2300.0146.0	Irixoa	Saneamento no Chao da Viña, 2A	135.448,82
		TOTAL	313.104,07

10.- APROBACIÓN DA SEGUNDA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE CERCEDA, DENTRO DO II CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA REALIZAR OBRAS DE INFRAESTRUTURA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar a segunda relación de investimentos do Concello de Cerceda integrada polas obras solicitadas polo concello que se indican deseguido cos seus orzamentos de contrata, no marco do **II Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda para realizar obras de infraestrutura**, que foi aprobado polo Pleno da deputación o 30 de xullo de 2004 e asinado polos presidentes das dúas administracións o día 17 de setembro do ano 2004.

<u>Código obra</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento total</u>
05.7370.0003.0	Ampliación do parque acuático de Cerceda- Piscina infantil	132.750,43	0,00	132.750,43
05.7370.0004.0	Vial de acceso a Acevedo	59.689,83	0,00	59.689,83
05.7370.0005.0	Interiores en Branzal e outros	49.201,02	0,00	49.201,02
	TOTAL	241.641,28	0,00	241.641,28

O financiamento destas obras farase efectivo na súa totalidade coa achega da deputación con cargo á partida 0501/911B/76284 do vixente orzamento provincial.

2º)- Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos das obras.

3º)- Conceder ao Concello de Cerceda unha prórroga para a contratación das obras incluídas neste II Convenio de Cooperación coa deputación até o día 31 de maio

do 2006, á vista da súa solicitude e de conformidade co disposto na base quinta das reguladoras do convenio.”

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PARA A SUBVENCIÓN DA PEAXE DA BARCALA, DA AUTOESTRADA AP-9 DURANTE O ANO 2006, ASÍ COMO DA PROPOSTA DO PRESIDENTE DA COMISIÓN.

INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

Evidentemente, a nosa intención de voto está explicitada na Comisión, vai ser favorábel para o ano 2006 da peaxe, pero nós queremos facer unhas matizacións respecto a este punto.

Brevemente, aínda que pode ser intensamente, porque da peaxe de A Barcala eu penso que fundamentalmente na bisbarra da Coruña falamos suficiente, en múltiples ocasións, xorde o tema cando se sobe a peaxe, cando se fan este tipo de addendas e hai achega institucional para sufragar o custo da peaxe e cando o caos circulatorio que se segue padecendo en toda a bisbarra leva a que distintas institucións, ou por parte dos partidos políticos se volva falar da peaxe da Barcala. De aí a nosa intervención neste Pleno, porque entendemos que a supresión das peaxes é un tema fundamental, recoñecida por todas as institucións e para que se poida facer un sistema viario que faga un proxecto accesíbel a toda a bisbarra, e nos comunique co exterior.

Todos e todas coñecemos que a Xunta de Galicia, non fai moito tempo, aprobou a declaración de interese supramunicipal dun viario comarcal que se veu xestando desde distintos concellos da bisbarra desde o ano 98, e que esta declaración de intereses supramunicipal significa que desde o planeamento urbanístico dos concellos se ten que ter en conta esas vías de carácter comarcal que se fixan no viario. E na mesma memoria falábase de que este viario ía ser inviábel no seu obxectivo fundamental, que era darlle un plan de accesibilidade a toda a bisbarra, se non se suprimían as peaxes da Barcala e da A-6 no Polígono de Sabón.

Eu penso que representantes de todos os grupos políticos que estamos sentados nestes escanos manifestámonos suficientemente, declarámonos e pronunciámonos respecto á supresión destas peaxes, xa que logo, que a nosa intervención sirva para dicir que cambiaron circunstancias de goberno tanto a nivel de Estado e de Fomento, como a nivel da Xunta de Galicia, e xa que logo, desde o grupo provincial facer unha chamada de atención para que o ano 2006 sexa o ano da resolución e da liberalización das peaxes da Barcala, do Polígono de Sabón e entrar no estudo da liberalización tamén da peaxe de Guísamo, porque entendemos que é un aspecto clave para que A Coruña camiñe decididamente á conformación desa área metropolitana que xa é unha realidade

e que, entre outras actuacións, se ten que facer cun viario comarcal que nos permita deixar de padecer todos eses atrancos e todos eses estorbos que temos na nosa mobilidade diaria.

De aí, insisto, que desde o grupo provincial do BNG esperemos e faremos todo o posíbel para que o ano 2006 por fin teñamos que deixar de falar da supresión destas peaxes.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sra. Vázquez, esqueceuse vostede da autovía de Carballo.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO.- Aprobar a addenda a o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación para a subvención da peaxe da Barcala, da autoestrada AP-9 durante o ano 2006, cuxo texto figura como anexo.

A Deputación Provincial da Coruña asumirá a cantidade de 110.000 euros, que se poderá financiar con cargo á aplicación 0202/531B/48999 do orzamento para 2006, mediante o réxime de anticipos de caixa fixa, denominado “Patrimonio e Contratación. Convenio de subvención peaxe AP9”.

Por tratarse dun expediente anticipado de gastos de conformidade co disposto no art. 69.4 do Real decreto lexislativo 2/2000 quedará suxeito a condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

O gasto derivado da addenda de ampliación de créditos (21.000 euros) para o 2005 financiarase con cargo a partida 020/513B/48999 do vixente orzamento.

SEGUNDO.- Proposta en relación coa addenda do convenio de colaboración entre a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito A Coruña -A Barcala da autoestrada A-9 para os residentes na provincia da Coruña.

É vontade do Pleno da Deputación Provincial da Coruña pór de manifesto perante a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e do Ministerio de Fomento que o financiamento por parte da Deputación Provincial da Coruña do 50% do custo da peaxe no tramo de autoestrada entre A Coruña e A Barcala

tan só se pode considerar unha medida temporal cara o obxectivo irrenunciábel de conseguir a efectiva supresión desta peaxe. Tras a privatización da autoestrada AP-9, tan prexudicial para os intereses de Galicia, correspóndelle ao Ministerio de Fomento a negociación coa empresa adxudicataria desa privatización que faga posíbel levar a efecto a supresión da peaxe citada.

Por todo o exposto acórdase instar ao Ministerio de Fomento e a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, para que de acordo coas súas respectivas competencias e responsabilidades, de forma inmediata, adopten as medidas efectivas para a supresión das peaxes nos tramos de carácter metropolitano do contorno da Coruña, e en concreto no referido á Autoestrada do Atlántico AP-9, no tramo da Barcala até A Coruña.”

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO E ARTICULACIÓN DA SUBVENCIÓN DO CUSTO DA PEAXE NO TREITO A CORUÑA - A BARCALA DA AUTOESTRADA AP-9 PARA OS RESIDENTES NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Santiago de Compostela, de de dous mil cinco

REUNIDOS

Dunha parte, a Excma. Sra. D^a. M^a José Caride Estévez, conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, facultada para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, na súa condición de presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lles atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 22 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

O día 20 de decembro de 2002 a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña asinaron un convenio de colaboración para o financiamento e articulación da

subvención do custo da peaxe no treito A Coruña- A Barcala da autoestrada AP-9 para os residentes na provincia da Coruña. Na cláusula sexta do mencionado convenio, establécese que para anos posteriores asinaríanse as correspondentes addendas entre ambas as dúas administracións onde se fixarían as anualidades e as partidas que se destinen para este fin.

O día 28 de decembro de 2004 asinouse unha addenda ao anterior convenio onde se establecían os créditos para o ano 2005.

Os créditos establecidos para 2005 na addenda mencionada no parágrafo anterior, son insuficientes para subvencionar totalmente o custo correspondente a este ano, debido ao incremento non previsto do número de tarxetas e a unha maior difusión desta subvención, polo que cómpre amplialos con obxecto de non interromper a liña de axuda.

Á vista de regular a colaboración entre ambas as dúas administracións para o fin mencionado e establecer os créditos necesarios para 2006 e ampliar o correspondente a 2005, formalízase a presente addenda con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

A Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, asumirá o 50% do custo deste sistema de subvención da peaxe no treito A Coruña - A Barcala, para o que ten previsto consignar a cantidade de cento dez mil euros (110.000,00 euros) con cargo á partida 06.03.413B 480 dos orzamentos da Consellaría para 2006. A Deputación da Coruña asumirá o 50% restante, para o que se incluírá unha cantidade igual nos orzamentos da deputación para 2006. Ambas as dúas administracións comprométense a facer fronte exclusivamente a súa parte do financiamento, podendo incrementar a partida consignada para este fin se for necesario, non asumindo en ningún caso a parte de financiamento correspondente á outra administración. Cada administración librará os fondos por separado, desvinculando así as obrigas que corresponde a cada unha delas do grao de execución da outra.

SEGUNDA.-

Ambas as dúas administracións amplían o crédito para facer fronte á subvención da peaxe no treito A Coruña- A Barcala, correspondente a 2005 en 42.000,00 euros, dos que o 50% corresponderalle á Xunta de Galicia (21.000,00 euros) con cargo á partida 06.03.413b 480 dos orzamentos da Consellaría para 2005 e o outro 50% restante á Deputación da Coruña (21.000,00 euros).

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Asdo.: M^a José Caride Estévez

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

12.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 4ª RELACIÓN DA 3ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, INTEGRADA POLO PROXECTO TRAVESÍA NA E.P. 0905 DE BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO P.K. 6,11 AO 7,56 –PADERNE-, E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA EXECUTAR AS OBRAS INCLUÍDAS NEL.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a 4ª relación da 3ª fase do Plan de travesías 2005 integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.112.0	TRAVESÍA NA E.P. 0905 DE BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO PK. 6.11 AO 7.56 (PADERNE)	449.344,86

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DE EXPROPIACIÓNS
05.1130.0012.0	TRAVESÍA NA E.P. 0905 DE BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO PK. 6.11 AO 7.56 (PADERNE)	449.344,86

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

13.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 2ª RELACIÓN DA 4ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DE 2005 E INTEGRADA POLOS PROXECTOS TRAVESÍA NA E.P. 1704 CAMBRE A CARRAL PLATAFORMA PEONIL P.K. 2,9 AO 3,96 (CAMBRE) E A TRAVESÍA NA E.P. 1706 O TEMPLE A CAMBRE PLATAFORMA PEONIL P.K. 2,24 AO 2,65 (CAMBRE).

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a 2ª relación da 4ª fase do Plan de travesías 2005 integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0014.0	TRAVESÍA NA E.P. 1704 CAMBRE A CARRAL PLATAFORMA PEONIL PK. 2.9 AO 3.96 (CAMBRE)	74.953,59
05.1130.0015.0	TRAVESÍA NA E.P. 1706 O TEMPLE A CAMBRE PLATAFORMA AO PK. 2.24 AO 2.65 (CAMBRE)	64.979,56
TOTAL		139.933,15

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o proxecto e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

14.- PROPOSTA DE SINATURA DUN CONVENIO COA ASOCIACIÓN ALCER PARA ELABORAR MATERIAL DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA SOBRE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA DOAZÓN DE ÓRGANOS.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a proposta de concesión dunha subvención á Asociación ALCER, C.I.F. G-15058647 (Asociación para a loita contra as enfermidades do ril) para a finalización da elaboración dunha unidade didáctica destinada ás tarefas de

información e difusión da doazón de órganos en centros docentes da provincia, por importe de 19.000,00 €, con cargo á partida 0701/313M/48099 do vixente orzamento.

2º.-Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade, facultándose á Presidencia en todo o necesario para a sinatura e execución deste acordo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN “ALCER”, ASOCIACION PARA A LOITA CONTRA ENFERMIDADES DO RIL PARA FINANCIAR A ELABORACION, DISEÑO E EDICIÓN DUN VIDEO .

A Coruña, na sede da Excma. Deputación Provincial

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e

D. presidente da Asociación

EXPOÑEN

1º) É competente a deputación conforme á Lei 5/97, de administración local de Galicia, arts. 109 e 118, e a Lei 4/93, de servizos sociais para Galicia, art. 22-1- apartado 6, para a colaboración no financiamento de equipamentos e programas de Servizos Sociais, das entidades de iniciativa social, que presten atención especializada, cando se oferten con carácter supramunicipal.

2º) A asociación conforme aos seus Estatutos, ten como fin principal a asistencia e información aos enfermos nos seus aspectos sanitarios e sociais, o fomento da investigación dos problemas e a prevención, a divulgación das solucións, así como a colaboración con todas as entidades públicas ou privadas onde se realicen actividades que poidan conducir á consecución dos seus fins.

Ambas as dúas entidades, formalizan neste convenio, a súa colaboración, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

A deputación formúlase como obxectivo deste convenio que poida elaborarse un vídeo que formará parte da unidade didáctica, “Proxecto Salvavidas”, destinado ao alumnado, profesorado e familias de terceiro ciclo de primaria e segundo ciclo de ESO dos centros docentes da provincia da Coruña

SEGUNDA.-

A asociación ALCER comprométese á obtención do vídeo sobre a doazón e transplante de órganos, en cumprimento do expresado como obxecto do convenio, e á elaboración da correspondente unidade didáctica, para a súa entrega aos centros docentes da provincia indicados, así como á entrega dun exemplar da dita unidade, á Excm. Deputación da Coruña, garantindo a libre autorización para o seu uso sen carga ningunha.

A asociación fará constar en todo tipo de información que realice verbo disto, a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente correspóndelle á asociación ALCER a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio; e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seu seguimento.

Tanto para a concesión como para o cobramento da subvención a entidade deberá presentar a certificación que acredite que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións.

Así mesmo, a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

TERCEIRA.-

A deputación achegará con cargo á anualidade de 2005, partida 0701/313M 480.99, por importe de 19.000 euros, financiándose o 90,48% %, do gasto previsto, que ascende a 21.000 euros e que se detalla como anexo

CUARTA.-

a) O pagamento da achega provincial, co límite da contía indicada como achega, aboarase despois da presentación das xustificacións do gasto efectuado, conforme ao indicado no apartado b.

b). A documentación xustificativa requirirá :

1º) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas dos gastos correntes, así como no caso de gastos de persoal, nóminas acreditativas do pagamento e documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais. No caso de pagamento de axudas de custe, ou indemnizacións de voluntariado, poderase xustificar mediante certificación expedida polo secretario da asociación co visto e prace da Presidencia da entidade, na

que se relacionen os pagamentos efectuados e acompañado dos recibos acreditativos da identidade do perceptor e das contías.

No suposto de que a actividade non a realice a propia asociación, esta comprométese de conformidade cos termos do art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter previo á realización dos servizos, a solicitar polo menos un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, e a escoller de entre as recibidas a que resulte mais adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar a elección cando non recaia na proposta mais vantaxosa economicamente.

2º) A factura irá acompañada dunha copia da unidade didáctica elaborada, coa garantía da súa posta ao dispor para a súa libre utilización pola Deputación da Coruña sen aboamento de dereito ningún.

3º) Requiriráselle ademais a acreditación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida, mediante a declaración de estar a dita unidade ao dispor dos centros docentes da provincia da Coruña para a súa impartición a partir do curso 2005/06.

4º) Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración se é o caso, de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo.

5º) Sinalar a conta de titularidade da asociación para efectuar os pagamentos..

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto previsto, minorarase a achega da deputación con mantemento da porcentaxe de financiamento correspondente (90,48%) da cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na cláusula terceira.

Se, para a realización do obxecto do presente convenio a asociación obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que en concorrencia coa concedida superase o total do custo da actividade, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña.

Os pagamentos requirirán informe favorábel da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de fondos.

QUINTA.-

O período de vixencia do presente convenio será desde a súa sinatura, até o 31 de marzo de 2006, debéndose presentar a documentación xustificativa da actividade correspondente dentro do prazo de tres meses desde a súa finalización.

SEXTA.-

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

SÉTIMA.-

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar se é o caso ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos aos que deron lugar a súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

OITAVA.-

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio, resolveráas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e na normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será aplicábel así mesmo en todo o que non estea previsto.

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posíbeis cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

ANEXO

CONCEPTO	IMPORTE/EUROS
ELABORACIÓN DO GUIÓN DUN VIDEO DVD	1.400
EDICIÓN DUN VÍDEO DVD	18.000
DESEÑO GRÁFICO DA INTERFACE DO DVD	1.600

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario da Deputación provincial en sesión celebrada o día

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN

15.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE CONCELLOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS NO MANTEMENTO DOS GRUPOS LOCAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar a redacción do punto 3, do acordo plenario do 26.05.2005, correspondente á aprobación das axudas aos concellos para o sostemento dos Grupos Municipais de Intervención Rápida, incluíndo o Concello de Ribeira no lugar de Santa Comba, por estar este duplicado.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai dúas mocións presentadas polo grupo popular, unha sobre a supresión de obras de infraestrutura rural pola Consellaría do Medio Rural, e outra sobre a aplicación de baixas de adxudicación da 1ª fase do Porto Exterior de Ferrol á 2ª fase.

Sr. Torres Colomer

Para lle dicir que vou facer eu a defensa da primeira moción de eliminación desas obras na medio rural, e a segunda moción vaina defender o Sr. Cendán.

Como se sabe, e temos coñecemento todos, a Xunta de Galicia, o actual goberno da Xunta de Galicia, concretamente a Consellaría do Medio Rural, anulou unha serie de obras que estaban programadas, entendemos con todos os visos legais, porque esas obras derivan dun convenio feito pola Consellería do Medio Rural con cada un dos concellos que lle foron anuladas as obras, os concellos incorreron nos gastos, en redactar os proxectos oportunos, que agora quedan aparcados, a Xunta de Galicia no seu momento, a Xunta de Galicia que estaba a gobernar naquel momento, aprobou no seu Consello estas obras, esas obras saíron a concurso, é dicir, licitáronse, por suposto, cos beneplácitos todos xurídicos, legais e económicos, co visto e prace dos interventores e abríronse as plicas, na maior parte delas estaban simplemente para adxudicar á empresa que fixese a mellor oferta e agora encontrámonos coa noticia de que esas obras quedan anuladas por completo. Nós entendemos que isto non é normal, nesta democracia que estamos a funcionar e no respecto institucional que debe haber a anteriores gobernos, como houbo noutros momentos, e polo tanto que esas obras se deben manter firmes, primeiro porque os concellos incorreron nuns gastos na redacción dos seus proxectos, segundo, porque sufriron todos os trámites legais. Pódesenos dicir

que hai obras que non son as idóneas para melloras no medio rural, iso tamén depende da idea política que teña cada un e paréceme que agora haberá unha idea política sobre o que se quere facer no medio rural, pero eu entendo que tamén, aínda que son excepcións, que ao mellor, facer unha piscina descuberta nun concello do interior, tamén coido que é un servizo e un medio importante para os veciños e veciñas dese contorno rural que deben ter os mesmos dereitos que os que teñen os da capital ou os que vivimos a carón do mar.

Polo tanto, independentemente diso, penso que a maior parte delas son obras rurais importantes e, polo tanto, o que se pide simplemente nesta moción, que o vou ler, eu creo que isto está máis que fundamentado para votar a urxencia ou a súa aprobación en defensa dos concellos desta provincia e a moción di o seguinte: “Requirir do goberno da Xunta de Galicia que se proceda a deixar sen efecto a suspensión de proxectos en infraestutura rural en varios concellos desta provincia para que poidan seguir adiante, dado que se consideran obras de máxima necesidade por tratar de dar cobertura a servizos básicos dos cidadáns, son obras no medio rural tan necesitado de actuacións que favorezan o incremento da calidade de vida e, en consecuencia, permitan fixar poboacións neste ámbito e, por último, son obras que tratan de corrixir as desigualdades tradicionais entre o rural e o urbano.”

Esta é a moción que defende o Grupo Popular. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

No último Pleno ordinario desta institución provincial, o Partido Popular presentou por vía de urxencia unha moción, que decaeu, sobre obras do medio rural pola Consellaría de Medio Ambiente, seguiu o trámite correspondente, como hai que seguilo, foi á primeira Comisión correspondente onde había que debatelo, e o propio grupo popular, despois das explicacións do presidente da Comisión, retirou esa moción. Xa entón o grupo socialista dicíamos que era o foro inadecuado de debate, dicíamos que o foro de debate é o Parlamento de Galicia, creo que se vai tratar, ou xa se debateu, ou se tentou debater onte, naquel entón non entramos no fondo da cuestión, descoñecemos os contidos, dado que foi presentado con dúas horas de antelación. Por que fago esa exposición?, porque indubidabelmente as formas moitas veces en democracia son necesarias, e as formas, até agora, non se mantiveron adecuadamente nos últimos oito anos. Cando se presentaba aquí unha moción, e decaía, ía á Comisión correspondente e nos últimos oito anos perdíase no caixón dos papeis, non se debatía na Comisión, pero aquí si xa se produciu, e con anterioridade preséntase unha moción, antes deste Pleno, tamén sobre a supresión de obras de infraestutura rural pola Consellaría do Medio Rural. E queremos dicir, en nome do grupo socialista, que esta moción, automaticamente, se coloca na orde do día. Creo que esta é unha aprendizaxe que todos debemos de asumir e que o talante e as formas democráticas aquí demostráronse traendo ao Pleno esta moción e a seguinte. Dirán vostedes, por que?, porque á parte de estar de acordo ou en desacordo co fondo dunha moción, moitas

veces as formas democráticas nas institucións é necesario non dicilas, senón aplicalas, non predicalas, senón levalas á praxe, como dirían no mundo grego.

E xa falando da propia moción, indubidabelmente esta moción que expuxo o Sr. Torres Colomer, aínda que a respectamos, non a compartimos no seu fondo.

Nos seus fundamentos fala de que a lealdade institucional debe de inspirar todas as accións de goberno, indubidabelmente estamos de acordo, todas as accións de goberno deben de se fundamentar nunha lealdade institucional, ou interinstitucional neste caso, como rematamos de relatar.

Falan entón de algo que nos chama moitísimo a atención, e que eu creo que vostedes non encaixaron aínda que en Galicia hai unhas formas distintas de gobernar, hai unhas formas que queren ser máis claras, máis obxectivas, máis transparentes, e que indubidabelmente nalgún momento non se practicaron.

Vostedes na súa intervención, efectivamente, dicíano, “é que se fai unha piscina, ou varias piscinas, é que se fan traídas de auga para campos de golf”, pero isto trátase indubidabelmente de temas rurais?, e por iso non teñen que ver pouco de institucionais, estamos totalmente en desacordo no mesmo fundamento. Non todas as obras foron eliminadas, algunhas foron paralizadas, outras foron suspendidas e algunhas delas anuladas.

Fálanos despois, tamén, no seu fundamento da moción sobre que se asinaron uns convenios, home, as datas deses convenios son moi próximas dun feito importante que se produce en Galicia, son preto do mes de xuño, indubidabelmente, non é que haxa que pensar mal, pero aí están as datas do DOG que aparecen reflectidas, concretamente datas do 30 de maio, 14, 15 e 17 de xuño de 2005, e aquí estamos a falar de que nese momento estabamos en período electoral e estabamos xa practicamente co fin do proceso electoral. Pero, como se fixeron eses convenios?, como se buscou a fórmula obxectiva para chegar ás subvencións correspondentes?, claro que participaron todos os concellos e de distinta cor política, pero despois daremos unhas cifras concretas que van ser moi significativas.

Tamén quero destacar que falan no seu fundamento de que se trata pois de accións gobernamentais axustadas a dereito. Eu coído que a Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia, e as distintas consellarías teñen os seus letrados, asesores xurídicos, interventores, etc., que terían que opinar sobre isto, e haberá uns informes que supoño que son necesarios de cara á supresión ou á retardación destas obras, senón quedará un camiño distinto ao grupo popular, e digo, no foro que corresponda, e non na Deputación da Coruña, no foro que corresponda, que é o Parlamento de Galicia, e os recursos, os contenciosos administrativos, saben vostedes perfectamente como se poden formular.

E na mesma moción acaban, culminan, requirindo á Xunta de Galicia para que se consideren, tal e como relatou, non vou volver a lelo, a eliminación deste decreto, ou destas iniciativas da Consellaría do Medio Rural.

En relación a isto, teño que indicarlle que o meu grupo considera que pasaron 100 días e que vostedes, presumibelmente, non asumiron a súa derrota electoral, e que as formas políticas e os fondos políticos son distintos, son distintos por completo. A Consellaría do Medio Rural, pois terá unhas competencias en medio rural; a Consellaría, ou a Secretaría Xeral para ou Deporte, terá unhas competencias en materia de campos de golf, ou de piscinas; a Consellaría de Ordenación do Territorio terá que ver con prazas públicas, pero non con obras que afecten directamente ao mundo agrogandeiro ou forestal. Temos que ser rigorosos e serios, e despois as cantidades, veremos as cantidades como son, darei un dato significativo.

Desde a Consellaría, e desde o Goberno de Galicia, téntase impulsar un plan que terá o seu inicio no primeiro trimestre do ano que vén, segundo a información solicitada en relación, e onde se vai tratar que as obras se garantan, sexan para o desenvolvemento agrogandeiro e forestal, e todos os seus derivados. Polo tanto, este novo plan, recorrerase a el e tratarase de mellorar estas facetas ou estas obras. Que se fixo?, pois o que se fixo foi eliminar algunhas, anular outras, pero os datos son significativos, señores do Partido Popular. En proceso de execución están 76 proxectos, 68 de concellos do Partido Popular, cun orzamento total de 8.744.572 euros, preto de 8.800.000 euros, sete proxectos en sete concellos do Partido dos Socialistas de Galicia, PSOE, por 554.871 euros de orzamento, un pouquiño máis de medio millón de euros. Tres proxectos en tres concellos do Bloque Nacionalista Galego por 323.907 euros, e se isto se chama, non sei que tipo de reparto se fixo aquí, chama moitísimo a atención isto, pero é que de 334 proxectos contidos no Plan de infraestruturas, 210 corresponden a alcaldías do Partido Popular, o 88%; 19 gobernados polo PSdeG, 5%; e oito polo BNG, 2%; independentes, 5%. Estas cifras, saquen vostedes as conclusións. O grupo socialista entende que haberá que facer revisión de temas que non buscan obxectividade e que buscan unhas datas determinadas. Se a isto lle engadimos o destino das obras para zonas recreativas, para pavimentado de estradas interurbanas, para lousado e pavimentación en pedras, en prazas e rúas, para a rehabilitación de edificios, para a actuación en mercados, para a construción de bancos en prazas, para a ampliación de pontes, para a captación de auga para campos de golf, e para a construción de piscinas, onde imos parar?, estamos na Consellaría de Ordenación do Territorio, estamos nun tema deportivo ou estamos en mellorar a calidade de vida dos cidadáns da zona rural que están, segundo os últimos traballos, totalmente desasistidos a nivel económico en moitas facetas, por alguén que estivo a gobernar 16 anos e que os deixaron desasistidos, indubidabelmente, claro que si, os alcaldes teñen dereito a reivindicar as súas obras, pero todo ten que ser dentro dunha orde.

Polo tanto, o grupo provincial socialista, respectando por suposto a presentación desta moción, e respectando, como ten que ser, o respecto que ten que haber entre as institucións, entende que este non é o foro de debate, pero é que hai algúns datos que

hai que dar a coñecer, que o foro de debate é o Parlamento de Galicia, que é onde se destinaron as economías, que é alí onde teñen que interpelar ao conselleiro correspondente, ao presidente da Xunta, ao vicepresidente da Xunta, ou a quen corresponda, e sobre todo, debemos de ter moito sentido na distribución do diñeiro. O noso voto vai ser negativo. Moitas grazas.

Sra. Cea Vázquez

Temos diante unha moción do Partido Popular na que manifestan a súa preocupación polas obras que a actual Consellaría de Medio Rural decidiu suspender, entre comiñas, e digo entre comiñas, porque non se trata exactamente de suspender, anular ou suprimir obras no medio rural, senón que o verbo correcto para o caso que nos ocupa é reorientar. Estamos a falar dun total de 901 proxectos que van ser revisados, non anulados. O novo conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, adoptou o compromiso de impulsar un novo plan de actuacións no rural para os próximos dous anos, que orientará aquelas obras que teñan como obxectivo o desenvolvemento rural desde a perspectiva agrogandeira ou forestal, como xa se dixo.

O compromiso do conselleiro é comezar no próximo trimestre cun diálogo con responsábeis dos concellos, e incorporar todas as obras previstas polo anterior goberno da Xunta que por dificultades técnicas non se poidan acometer no ano 2005, sempre que respondan claramente ao obxectivo prioritario desta Consellaría. Pero unha vez dito isto creo que é necesario explicar, polo menos, catro motivos que levaron á Consellaría do Medio Rural a tomar esta decisión, hai máis, pero voume centrar en catro que consideramos os máis importantes.

En primeiro lugar, a imposibilidade de poder cumprir os convenios asinados cos concellos, e explico esta afirmación que veño de facer, con datos. Convén lembrar que a media das obras da Consellaría nos tres últimos anos situábase en realizar 413 expedientes, pois ben, os expedientes que comprometeu o goberno anterior este ano eran un total de 1.054, máis do dobre da media dos últimos tres anos, é dicir, o goberno anterior sabía que era material e realmente imposible cumprir o conveniado, pero claro, se non incluía unha anualidade en 2005, non podían asinar os convenios. Polo tanto, asinounos sabendo que non se podía nos prazos establecidos e cando xa estaban convocadas unhas eleccións autonómicas. Ante este panorama o conselleiro de Medio Rural decidiu realizar todo o Plan de cooperación local, que afectaba aos 315 concellos de todo o país, e todos os proxectos do Plan de infraestruturas rurais que poderían cumprir, é dicir, todos aqueles que tiñan trámites feitos até o 30 de maio, e pola contra, suspender aqueles que non tiñan no mes de agosto ningún trámite feito, e aquelas que o único que tiñan era unha convocatoria pública no DOG dos días 14, 15, 16 e 17 de xuño. En todas as demais obras activáronse os expedientes, e así, antes do 1 de agosto, estaban tramitados 259 expedientes e despois finalizouse a tramitación de 548 obras.

Segundo motivo, reparto inxusto, discrecional e sectario dos fondos, e afirmo isto porque o Plan de infraestruturas rurais do anterior goberno da Xunta tiña un

reparto discrecional, e os datos están aí, o 91% dos fondos dese Plan, o 91%, era para concellos gobernados polo Partido Popular, o 4% para concellos gobernados polo PSOE e o 1% para concellos con alcaldía do Bloque Nacionalista Galego, pero ademais había algo que non gustou nada á Consellaría do Medio Rural, e foi encontrarse con 67 concellos excluídos, 67 concellos aos que non se lles concedeu ningunha obra do Plan de infraestruturas rurais, algo moi raro, non pensan?, pero por se o anterior non é suficiente, dicir tamén que os concellos gobernados polo BNG recibían un investimento por habitante de 27 euros, os gobernados polo Partido Socialista 28 euros, e os concellos gobernados polo Partido Popular, 80 euros por habitante, case tres veces máis que o PSOE e o BNG. E con estes datos enriba da mesa, como digo, 91% dos fondos para concellos do PP, 67 concellos excluídos, e o triple para os habitantes dos concellos gobernados polo PP, Sres. deputados do Partido Popular, a Consellaría do Medio Rural estaría lexitimada, con estes tres datos, pola propia Constitución, para suspender todas as obras e dedicar todos os investimentos dos próximos catro anos a tratar a todos os cidadáns por igual, e investir unicamente nos concellos discriminados anos atrás, por non ser da cor política do grupo que gobernaba. Pero nin sequera fixo iso a actual Consellaría, simplemente suspenderon os convenios que non tiñan trámites, ou nos que tecnicamente non podían cumprirse na anualidade de 2005.

Terceiro motivo, deslealdade co actual equipo goberno, co actual goberno da Xunta de Galicia, e digo deslealdade co novo goberno, ao deixar hipotecada a Consellaría de Medio Rural até o ano 2008, posto que a maioría dos convenios asinados eran obras plurianuais para os anos 2005, 2006 e 2007, e chama a atención que dos 65 millóns de euros comprometidos, só o 15% se corresponde coa anualidade de 2005, e o 85% restante comprometía as actuacións e a capacidade económica da nova Consellaría para os dous próximos exercicios. E deslealdade tamén ao pretender irromper na campaña electoral, usando recursos públicos para tentar modificar a última hora os comportamentos electorais, xa dixen antes que a maioría dos convenios asináronse cando xa estaban convocadas as eleccións autonómicas.

E cuarto punto, ou cuarto motivo, sería por sentido da responsabilidade da actual Consellaría de Medio Rural. Estamos a falar dun Plan de infraestruturas rurais que, como saben, se financia en parte con recursos europeos de desenvolvemento rural, e o feito de que se cofinancien con fondos europeos, obriga a revisar proxecto a proxecto, para non encontrármolos con sorpresas desagradábeis no futuro diante dunha posíbel auditoría da Unión Europea, que remataría prexudicando os concellos que si fan obras que encaixan perfectamente dentro do que na Unión Europea contemplan como financiábeis no desenvolvemento rural.

E precisamente cando se comezou esa revisión de proxecto a proxecto, como digo, esa revisión o que fixo foi acelerar aínda máis a suspensión dos convenios, porque máis do 15 % das obras tiñan dubidosa xustificación desde a perspectiva da actual Consellaría do Medio Rural. Non se di en ningún momento que non sexan obras necesarias, pero son cuestionábeis desde as prioridades que deberían orientar ese departamento, que debería de ter no desenvolvemento rural e as súas explotacións o

seu obxectivo principal, pero polo contrario encontramos obras, que xa citou o voceiro do Partido Socialista, pero que quero volver a repetir, encontramos obras, porque chaman moito a atención, obras de acondicionamento de viais, redes de abastecemento e saneamento, acondicionamento de zonas recreativas, pavimentado de estradas interurbanas e prazas, lousado e pavimentación en pedra de prazas e rúas, rehabilitación de edificios, actuacións en mercados, construción de bancos en prazas, ampliación de pontes, construción de piscinas, beirarrúas en núcleos urbanos, restauración de cascos históricos, construción de recintos feirais, rotondas en núcleos urbanos, abastecemento a tanatorios, asfaltados, non de pistas, senón de estradas de titularidade non municipal, etc., etc.

Por suposto, estarán de acordo comigo, ao dicir que moitas das obras que remato de citar non teñen un carácter de desenvolvemento rural desde a perspectiva agrogandeira e forestal, como correspondería ás competencias da nova Consellaría de Medio Rural.

Pero unha vez explicados os principais motivos que aconsellaron esta suspensión de convenios, dicir que o máis sensato e responsábel era, polo tanto, impulsar un novo proxecto para os próximos dous anos, nas que terán cabida todas aquelas obras con ámbito agrogandeiro ou forestal.

Polo tanto, pedir tranquilidade porque algunhas destas obras serán modificadas por outras actuacións con sentido de desenvolvemento rural nos mesmos concellos, e previa negociación, por suposto, cos seus responsábeis. E para a elaboración deste novo Plan de infraestruturas a Consellaría de Medio Rural precisaba proceder á suspensión deses acordos, co obxectivo de rescatar os fondos para os destinar ás obras que se estimen convenientes de acordo coas liñas agrogandeiras e forestais, como xa dixen. Por este motivo, temos que votar en contra da moción do Partido Popular, non sen antes insistir novamente en que parte desas obras se van facer con rigor e para que se poidan facer e haxa recursos para algunhas delas e outras novas, foi necesaria a súa suspensión.

Xa finalmente dicir que hai algo no texto da moción do Partido Popular co que estamos de acordo, din na segunda páxina: "...As obras son necesarias para os galegos e as galegas do medio rural...", estamos de acordo, pero tamén son moi necesarias obras no medio rural nos 67 concellos que quedaron excluídos e tamén son necesarias outras moitas actuacións que non aparecen recollidas nese plan.

E xa case para rematar quería ler textualmente o escrito que supoño que todos os alcaldes e alcaldesas da nosa provincia xa recibiron, o escrito do propio conselleiro, da resolución do 27 de outubro, onde el insiste e di, non é que o diga o grupo provincial do BNG, senón que o di o propio conselleiro do Medio Rural, que "Esta Consellaría acometerá un Plan de investimentos no medio rural, que contribúan a fixar poboación no medio rural, desenvolver infraestruturas ao servizo das explotacións agrarias, e favorecer o dimensionado adecuado das explotacións.", continúa unhas liñas

máis abaixo: “...Isto sempre contando coa interlocución directa cos concellos de Galicia para a súa distribución equitativa”, -e fago fincapé na distribución equitativa, xa falei antes do 91% que ía neste plan para concellos gobernados polo PP-, “distribución equitativa en todo o territorio galego, e no que serán incluídos aqueles proxectos de obras de infraestrutura rural que se axusten aos criterios e prioridades establecidos no Plan de investimentos do medio rural.”

E agora si para finalizar, dicir que os diferentes membros do equipo de goberno, por suposto que somos concelleiros moitos de nós de concellos do medio rural, entre os que me inclúo, traballaremos para que aquelas obras anuladas nos nosos concellos sexan recuperados canto antes, sempre que encaixen nos obxectivos prioritarios da Consellaría do Medio Rural. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Torres Colomer

Quéresenos convencer aquí por parte do grupo socialista e do grupo do Bloque Nacionalista Galego, que parece ser que todas as obras que estaban en marcha estaban malditas ou que estaban gobernándose dunha forma discriminada, eu vou tentar aclarar que non é así, e para comezar, Sr. Lagares, eu creo que o talante democrático deste grupo desta Deputación, deste grupo popular, eu coido que está máis que demostrado e, polo tanto, eu creo que esas palabras que dixo vostede obvian, eu penso que o talante e a democracia deste grupo, eu creo que é exemplar, como a de todos os grupos desta Cámara. Xa que logo, eu creo que esas palabras aquí sobran.

Hai que insistir que un goberno legalmente constituído que estaba no seu momento, que teña a súa liña e o seu programa de traballo, independentemente do que poida ter agora. E, no seu momento, antes dunhas eleccións, apróbanse uns convenios, apróbanse unhas obras polo Consello da Xunta, co visto e prace de todos os interventores, etc., etc., se non, non saírían a poxa, saen a poxa, ábrese as plicas e simplemente queda pendente a adxudicación. Que se me diga a min que problema teñen esas obras, independentemente da liña política dese goberno que permita no medio rural que uns veciños do interior poidan ter unha piscina porque cren que é un servizo que necesitan eses veciños. E falando do famoso depósito para o campo de golf, hai que dicir aquí que é un depósito de loita contra os incendios forestais, que cando non é necesaria esa auga, favorece a un campo de golf, pero o depósito, a súa ampliación, é para tentar sufocar os incendios forestais no seu momento, así que polo tanto, creo que máis interese deste depósito para mellorar o medio rural, - por favor, non se ría vostede, que estou a falar con claridade e con coñecemento de causa, non vai por vostede, Sr. Lagares, vai polo seu compañeiro da dereita-. Seguimos dicindo que cada un pode ter a súa liña política, neste caso o anterior goberno tiña unha liña política do que había que facer no forestal, e tamén lle daba unha autonomía aos concellos, porque no medio rural non só ten que ser..., independentemente de que o faga Política Territorial, o Instituto Galego da Vivenda e Slo, no medio rural non é só facer pistas forestais ou concentracións parcelarias, se queremos mellorar a vida deses veciños,

temos que darlles outras ofertas e, neste caso, a Consellaría de Medio Rural pensaba niso.

Vostedes teñen outra política agora, Sras. e Sres. do Bloque, ben pois están no seu dereito, pero esta era unha liña política do goberno anterior, e polo tanto, permitiu a contratación desas obras e fixéronse os proxectos con toda a claridade e dándolle autonomía aos concellos.

E mire, Sr. Lagares, que non asumimos a derrota?, primeiro dicir que o Partido Popular foi a lista máis votada, parece que non se acordan diso, 37 deputados a porta dos 38, que creo que é unha diferenza bastante notábel cos outros grupos. Houbo un pacto, PSOE e BNG, están a gobernar vostedes en Santiago, pois ben, pero hai tamén que recoñecer iso.

O que creo é que o novo goberno bipartito da Xunta de Galicia, en vez de estar a gobernar e facer os seus proxectos, o único que está é atacando todo o que fixo o Partido Popular, todo son ataques continuamente, declaracións de ataque, pensen vostedes en gobernar, pensen en facer proxectos para Galicia e deixen de anular obras que estaban en marcha e que é algo malo para os concellos de Galicia. E poño un exemplo, cando entrou o goberno do Partido Popular no 89, se mal non lembro, foron as eleccións, entrou no 90, había convenios do goberno tripartito naquel momento, concretamente do Pazo de Congresos desta cidade da Coruña, por un período plurianual, e respectouse plenamente. Iso é gobernar con lealdade constitucional, cousa que non se está a facer agora, agora en vez de gobernar estase a atacar o que fixo o Partido Popular nestes anos de goberno na Xunta de Galicia, que creo que non foi tan mala Galicia, e aí está á vista de todos. Polo tanto, poden dicir o que queiran, poden dicir que van facer máis cousas, discriminación?, de 315 concellos de Galicia, se mal non lembro, máis de 210 son do Partido Popular, xa que logo, por lóxica, terán que levar unha porcentaxe moito máis alta, eu creo que está máis que claro. Nese reparto, por suposto, xa se dixo aquí, había concellos do BNG, había independentes e había concellos do PSOE.

Polo tanto, poden dicir o que queiran, esperemos que ese novo plan, programa que se quere facer no medio rural, que contemple todas esas obras que son necesarias para o medio rural e para mellorar a vida dos veciños do medio rural, e por suposto non entendemos como se poden suspender esas obras que cumpriran todos os trámites legais, entendemos que non é unha lealdade institucional. Moitas grazas, mantemos a nosa moción e cada un que vote o que queira en conciencia.

Sr. Presidente

Sr. Lagares, vulture dar a palabra por dous minutos, creo que as posicións de todos, os argumentos, foron explicados, todos expresaron libremente co tempo que quixeron facelo, as súas ideas, e estamos a debater algo sobre o que non temos ningún tipo de competencia, xa que logo, rógolle brevidade.

Sr. Lagares Pérez

Así se fala, Sr. presidente. Pero indubidablemente hai que clarear algunha das intervencións do Sr. Torres Colomer. Indubidablemente, cando falaba do talante, ninguén dixo que o talante do Partido Popular fose inadecuado, nin de ningún grupo, falei do talante na presentación de mocións nesta institución.

Sr. Presidente

Sr. Lagares, utilice o tempo para falar da moción, por favor.

Sr. Lagares Pérez

O que me di sobre o tema en concreto, eu creo que hai que contar cos afectados, quen son os afectados?, os cidadáns, quen son os representantes directos dos cidadáns?, os concellos, teñen unha organización os concellos que é a FEGAMP, a través da FEGAMP mirárase todo isto, e aí estamos representados todos os grupos políticos. Teño que dicirle que, indubidablemente, non foi exactamente así como vostede di o das obras do goberno tripartito. O Concello de Betanzos agora está afectado pola perda dunha obra, eu son concelleiro de Betanzos, e entón suprimiuse tamén unha obra importante que era un centro ocupacional de minusválidos, que estaba aprobado polo Consello da Xunta, e os primeiros Consellos da Xunta revogaron aquela aprobación. Xa que logo, tampouco nos queiramos tirar flores.

E, sen dúbida, é o que noto aquí, creo que teñen unha falta de dirección política en Galicia. Eu alégrome moitísimo de que cheguen a un consenso moi rápido no próximo congreso e que comecen a tomar medidas decisorias, e dicirle que a Deputación da Coruña, neste caso, está a dar un exemplo de actividade institucional, porque estamos a debater, aclarando, informando á cidadanía, e sen ningún tipo de algaradas, nin ningún tipo de liortas innecesarias, como pasaron noutros foros recentemente. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sra. Cea Vázquez

Moi breve, simplemente, para dicir que evidentemente non vou tentar convencer ao voceiro do Partido Popular, nin moito menos, porque é imposíbel, pero simplemente dicir algunha cuestión máis, e ademais con referencia ao texto, ao texto mesmo da moción. Dicir que no seu texto aparece escrito, podemos ler, din que un proceso electoral, cítano, creo que está xa na primeira páxina, din que un proceso electoral non pode paralizar a vida dun país, estamos de acordo, estamos de acordo con esta afirmación. Pero o problema é que o goberno do Partido Popular nos meses, semanas e días previos a unha xornada electoral, está hiperactivo, ese é o problema que temos, que está hiperactivo, e así pasou cos convenios, e isto é o que pasou cos convenios do medio rural dos 1.054 expedientes, pasou coas licenzas para as

minicentrales hidroeléctricas, etc., etc., e ese é o problema da Xunta de Galicia, un goberno hiperactivo até a mesma xornada de reflexión, cito como dixeran antes o DOG, e se non que se consulte o DOG do día 14, 15, 16 e 17 de xuño, véspera dunha xornada de reflexión. Polo tanto, entendemos que foi desleal e irresponsábel o anterior goberno co novo goberno da Xunta de Galicia.

Dicir simplemente que nós entendemos que non foi lexítimo para nada o proceder do goberno anterior, e que non é politicamente defendíbel o que se fixo, e que foi inoportuno. Nós agora o único que dicimos, co novo plan que se vai comezar é que estas obras son reorientábeis, e dicir unha cousa máis, aclarar que non se suspendeu ningunha obra que estivese licitado, adxudicado, ou resoltos os seus concursos, ningunha, ningunha delas. Simplemente que houbo que executar unha decisión que realmente provocou o goberno anterior.

E lamento que na intervención do voceiro do Partido Popular non dixese nada, ou non opinase sobre algún dos datos que dei eu, e que volvo a repetir, non di nada se lles parece correcto, ou se é normal que o 91% dos fondos dese plan fosen para concellos do Partido Popular, non di nada, e se é correcto, ou se lles parece ben que 67 concellos quedasen excluídos, ou ben se é oportuno que só o 1% de todo o orzamento do Plan de infraestruturas rurais fosen para concellos gobernados polo BNG, non di nada a ese respecto, pero nós simplemente insistimos en que isto é algo que non foi para nada unha actitude lexítima, nin leal do anterior goberno co novo goberno da Xunta de Galicia que estaba a piques de entrar. Nada máis e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Torres Colomer

Telegraficamente, Sr. presidente, como procuro facer sempre. Sra. deputada, penso que non entende que a maior parte dos concellos do medio rural de Galicia son do Partido Popular, xa que logo, ten que ter unha porcentaxe elevada de reparto. Deslealdade constitucional co anterior goberno?, con que goberno?, se entón estabamos nun proceso electoral, ou antes dun proceso electoral, polo tanto, non se sabía quen ía gobernar. Polo tanto, non podía haber ningunha deslealdade con ningún goberno cunhas medidas que tomaron para melloras no medio rural. Podía seguir gobernando o Partido Popular como podían seguir gobernando outros que están a gobernar agora neste momento, pero naquel momento non houbo ningunha deslealdade institucional. Polo tanto, eu creo que está claro, Sr. Lagares, o parque do Pasatempo de Betanzos respectouno completamente o goberno da Xunta de Galicia despois do goberno tripartito, míreo ben.

Sr. Presidente

Sr. Torres, antes de someter a votación esta moción, gustárame dicir que se un pechase os ollos, pensaría que estaba no Parlamento Galego. Fixemos un debate onde eu oía que pensen en gobernar, deixen de anular obras, non nos corresponde a nós, en

calquera caso dicía Torqueville que a democracia comeza nos concellos, dicía que os concellos era á democracia o que a escola primaria era á universidade, e sempre a Administración local foi un exemplo de liberdade e normalidade democrática, e eu síntome orgulloso de presidir este Pleno onde se debate, se discute, se expoñen ideas, e con total e absoluto respecto ás persoas, e aínda sendo críticos coas súas accións, se ten un debate e se vota. Simplemente deixar constancia de que me sinto orgulloso de que os debates se fagan e se fagan con total e absoluta normalidade democrática, con respecto ás persoas, sendo crítico, como debe de ser sempre coas súas accións.

A continuación sométese a votación a moción presentada polo Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. Presidente

Enténdese decaída a moción e pasamos á segunda moción que ten a palabra o Sr. Cendán para a súa defensa.

Sr. Cendán Fernández

O día 27 de xaneiro de 2005 aprobaron unha moción os tres grupos provinciais aquí na Deputación, na cal se instaba ao Goberno central a que adoptase medidas oportunas para autorizar a construción da 2ª fase do porto exterior de Ferrol, licitación e adxudicación das obras dos dous tramos dos accesos viarios, e a construción de acceso ao porto exterior por ferrocarril.

Desde esta data até hoxe houbo unha melloría que foi a contratación e adxudicación do acceso, dos dous accesos e tramos ao porto de Ferrol. Por isto nós con estas novidades, presentamos esta moción ao Pleno, que di así:

“O porto exterior de Ferrol é unha obra que xa nos ocupou nesta deputación en diversas ocasións.

A segunda fase do porto exterior de Ferrol segue sendo unha actuación sen data e sen compromiso, o cal preocupa excesivamente a toda a bisbarra de Ferrolterra.

Existe na comarca o convencemento desta segunda fase do porto exterior é indispensábel para a diversificación industrial e desenvolvemento de Ferrolterra. Ao mesmo tempo, todos os axentes sociais dan por xustificadas a súa construción, ao tempo que consideran máis que demostrada a necesidade de acometer estas obras canto

antes, máxime tendo en conta que os accesos viarios non estarán dispoñíbeis até 2007-2008, o cal permitiría executar ambas as dúas obras en paralelo.

Hai escasos días recibimos unha nova noticia que nos vén dar maiores razóns, se cabe, para seguir reclamando algo de xustiza para Ferrolterra. Estámonos a referir á licitación do último tramo dos accesos viarios ao Porto Exterior.

Este tramo fora licitado por Fomento por unha cantidade de 55,9 millóns de euros, pero finalmente foi adxudicado o pasado 25 de outubro cunha baixa de 21 millóns de euros. Hai que lembrar que Fomento xa aforrou na primeira fase dos accesos 9 millóns de euros debido á baixa tamén producida na adxudicación.

Como a reserva que Fomento establecera nos orzamentos para esta actuación en beneficio de Ferrol ascendía a 55,9 millóns de euros, entón prodúcese un aforro moi importante que nós consideramos pode ser empregado para financiar a construción da segunda fase do porto exterior. E isto sen supor para o Ministerio de Fomento un gasto maior do que tiñan previsto acometer na nosa bisbarra.

As razóns son obvias e compartidas por todos. De feito, mesmo o novo presidente da Autoridade Portuaria foi receptivo a esta posibilidade que lle trasladou ao alcalde de Ferrol esta mesma semana na primeira entrevista que mantiveron para coordinar o seu traballo a favor de Ferrol e bisbarra.

Ante este novo escenario, os deputados do grupo Popular someten á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

“A deputación insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno do Estado que o aforro xerado nas baixas de adxudicación dos dous tramos dos accesos viarios ao Porto Exterior de Ferrol sexa destinado ao financiamento da 2ª fase do citado porto, garantindo o inicio das obras ao longo do primeiro semestre de 2006.”

Sr. Lagares Pérez.

Os fundamentos da moción estamos de acordo, presentamos unha emenda ao texto da moción en si, á resolución, ao texto resolutivo, que diría:

“O Pleno desta Excm. Deputación Provincial insta ao Ministerio de Fomento para que as previsíbeis economías que se poidan xerar na execución dos dous tramos licitados dos accesos viarios ao Porto Exterior de Ferrol sexan destinados ao financiamento da segunda fase do citado porto, co obxectivo de que o inicio das obras poidan comezar da forma máis inmediata”.

Entón transformariámola nunha moción conxunta dos tres grupos con esta emenda ao ditame que vén coincidir no fondo, aínda que varía un pouquiño nas formas, e votaríamos a favor, entendo que esta moción está subscrita tamén pola voceira do

grupo nacionalista, e votaríamos o grupo nacionalista e o grupo socialista a moción presentada. Moitas grazas.

Sr. Bello Costa

Xa adiantaba o voceiro do Partido Popular que en distintas ocasións a segunda fase do Porto Exterior foi obxecto de debate e de acordo, por unanimidade, nesta Cámara Provincial. O Porto Exterior, no seu conxunto, é unha infraestrutura fundamental para a recuperación económica de Ferrol e bisbarra, é o novo *novus portus artabrorum*, do que xa falaban as fontes gregas romanas. Está programado en dúas fases e a primeira, afortunadamente, xa está executada.

O día 8 deste mes procedíase á sinatura da acta de entrega das obras da primeira fase á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, aínda que esta infraestrutura non se porá en marcha até finais de 2007 cando, previsibelmente, estean xa executados os accesos terrestres.

Son 858 metros de atraque, con calados naturais de 20 metros, 55,5 hectáreas de chaira, 1.105 metros de porto de abrigo, 128 millóns de euros de investimento en 44 meses de execución, e o solo industrial desta fase está esgotado e estanse a perder novos operadores para Caneliñas por non executar esta segunda fase. Porque esta segunda fase permitirá completar o porto exterior con 34 hectáreas máis de chaira e outros 659 metros de porto de atraque, cun custo estimado de investimento de 20 millóns de euros.

Ademais da Cámara provincial, ademais da Deputación provincial no seu conxunto, moitísimas Corporacións de concellos, o propio Parlamento Galego, Plenos da Cámara de Comercio, asociacións de empresarios, organizacións sindicais, veñen demandando reiteradamente a execución desta segunda fase. E hai algo que nos preocupa na segunda fase, e que foi obxecto tamén na moción presentada con anterioridade, que son os accesos ferroviarios. Esta infraestrutura de comunicación é imprescindible para o desenvolvemento do porto exterior, e a día de hoxe aínda é unha incógnita. Hai que dicir que desde decembro do ano pasado, desde decembro de 2004 está no Ministerio de Medio Ambiente para estudo informativo da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, este proxecto, polo tanto é un bo momento para unir outra vez o voto e o esforzo dos tres grupos políticos presentes na Deputación provincial para reiterar, e súpome neste momento como voceiro do grupo provincial do BNG á emenda alternativa, que non varía substancialmente, por suposto, a reclamación, senón que o axusta, pensamos, máis atinadamente, no sentido de que en lugar de utilizar a vía da Xunta de Galicia como intermediaria, que sexa a propia Deputación provincial quen medie perante o propio Ministerio de Fomento reclamando isto, e que ademais todos sabemos que unha cousa son as licitacións e outra despois os reformados, os modificados posteriores que poden mesmo diminuír as previsións iniciais. Por iso falamos, precisamente, desas cantidades que indubidablemente van ser importantes e que aínda que isto non é igual que un proxecto homólogo ao POS de reinvestimento

das baixas, si por suposto ten que servir para que esas economías sirvan para que iso que está demandado e que a deputación apoia firmemente, sexa unha realidade para o ano 2006.

Sr. Cendán Fernández

Nós coincidimos coa interpretación do BNG, quitamos á Xunta de Galicia e coincidimos en que a Deputación provincial inste ao Ministerio de Fomento, coincidimos nisto e admitimos a emenda.

Por unanimidade apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN DOS TRES GRUPOS POLÍTICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE O PORTO EXTERIOR DE FERROL

O Pleno desta Excma. Deputación Provincial insta ao Ministerio de Fomento para que as previsibles economías que se poidan xerar na execución dos dous tramos licitados dos accesos viarios ao porto exterior de Ferrol, sexan destinadas ao financiamento da segunda fase do devandito porto, co obxectivo de que o inicio das obras poidan comezar do xeito máis inmediato. “

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Torres Colomer

É un rogo que podíamos chamar rogo, eu chamaríalle o rogo das tres ces, e vén derivado este rogo polos comentarios que hai que o actual goberno da Xunta queira facer un control das deputacións, neste caso, este rogo vai a vostede como presidente desta Deputación da Coruña. Nese rogo vai que colaboración e coordinación, toda, agora, control e se cadra castración da nosa autonomía, iso nunca. Polo tanto, por iso dicía que era ese rogo das tres ces, se lle podíamos chamar rogo, e que para defender a autonomía deste organismo ten o pleno apoio do grupo popular. Grazas, Sr. presidente.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Torres. Agradézolle o rogo pero pódolle dicir que os acordos desta deputación contrólaos este Pleno, fiscalízaos o Consello de Contas e adóptanse de acordo á normativa legal vixente. Temos a mesma autonomía que calquera outro organismo ten en Galicia, e non imos tolerar que ninguén controle ou decida, ou nos subordine.

Se me permiten un momento, hoxe soubemos do pasamento do alcalde de Irixoa, Don Juan Pérez Díaz. Eu quería que constase en acta a condolencia do Pleno da Corporación por este falecemento e se traslade á familia e ao Concello de Irixoa.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.